| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 | |
| Asignatura (*) | Ciberseguridade Intelixente | | Código | 614544024 | |
| Titulación | Máster Universitario en Intelixencia Artificial | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Mestrado Oficial | 1º cuadrimestre | Segundo | Optativa | 3 | |
| Idioma | Inglés | | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información | | | | |
| Coordinación | Garabato Míguez, Daniel | Correo electrónico | daniel.garabato@udc.es | | |
| Profesorado | Garabato Míguez, Daniel | Correo electrónico | daniel.garabato@udc.es | | |
| Web | udconline.udc.gal | | | | |
| Descrición xeral | A materia introduce ao estudante no desenvolvemento de estratexias baseadas en Intelixencia Artificial para a defensa de sistemas informáticos e redes de comunicacións fronte a ataques maliciosos que pretenden o seu control ou acceso á información residente ou circulante neles. Capacitaráselle na prevención, detección, análise e eliminación de ameazas nun contexto de continua evolución. Revisaranse casos de uso tipo da Intelixencia Artificial en escenarios de ciberseguridade. | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A9 | CE08 - capacidade para deseñar e desenvolver sistemas intelixentes seguros, en términos de integridade, confidencialidade e robustez |
| A20 | CE19 - coñecemento de diferentes ámbitos de aplicación das tecnologías basadas en IA e a súa capacidade para ofrecer un valor engadido diferenciador |
| A21 | CE20 - capacidade de combinar e adaptar diferentes técnicas, extrapolando coñecementos entre diferentes ámbitos de aplicación |
| A22 | CE21 - coñecemento das técnicas que facilitan a organización e xestión de proxectos en IA en entornos reais, a xestión dos recursos e a planificación de tarefas dun xeito eficiente, tendo en conta conceptos de diseminación do coñecemento e ciencia aberta |
| A23 | CE22 - coñecemento de técnicas que facilitan a seguridade dos datos, aplicacións e as comunicacións e as súas implicacións en diferentes ámbitos de aplicación da IA |
| A31 | CE30 - Ser capaz de plantexar, modelar e resolver problemas que requiran a aplicación de métodos, técnicas e tecnoloxías de intelixencia artificial |
| B1 | CG01 - Manter e extender os plantexamentos teóricos fundados para permitir a introducción e explotación de tecnoloxías novas e avanzadas no eido da Intelixencia Artificial |
| B2 | CG02 - Abordar con éxito todas as etapas dun proxecto de Intelixencia Artificial |
| B4 | CG04 - Elaborar axeitadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, proxectos de traballo, artigos científicos e formular hipóteses razoables no campo |
| B5 | CG05 - Traballar en equipo, especialmente de carácter multidisciplinar, e ser hábiles na xestión do tempo, persoas e toma de decisións |
| B6 | CB01 - Poseer e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixináis no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B7 | CB02 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e posúan capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacioados coa su área de estudo |
| B9 | CB04 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigu?idades |
| B10 | CB05 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo |
| C5 | CT05 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras |
| C8 | CT08 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenrolo tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |

| | |
|---|---|
| C9 | CT09 - Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer plazos e cumplilos |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer técnicas e ferramentas para implementar solucións baseadas en IA que permitan a detección automatizada de vulnerabilidades, ataques, contidos e aplicacións fraudulentas | AM8<br>AM19<br>AM20<br>AM22<br>AM30 | BM1<br>BM6<br>BM7<br>BM10 | CM5<br>CM8 |
| Coñecer, comprender e analizar casos reais de aplicación de técnicas de IA en diferentes ámbitos da ciberseguridade | AM8<br>AM19<br>AM20<br>AM21<br>AM22<br>AM30 | BM2<br>BM4<br>BM5<br>BM6<br>BM7<br>BM9<br>BM10 | CM5<br>CM8<br>CM9 |
| Coñecer técnicas que faciliten a seguridade por deseño e que permitan unha administración segura de sistemas e redes de comunicacións, permitan a xestión de riscos e posibiliten unha recuperación rápida ante eventos de ciberseguridade | AM8<br>AM20<br>AM21<br>AM22<br>AM30 | BM1<br>BM2<br>BM4<br>BM5<br>BM7<br>BM9 | CM8<br>CM9 |
| Comprender a importancia do concepto de identidade e coñecer técnicas que permitan garantir o acceso aos datos e a súa privacidade | AM8<br>AM21<br>AM22<br>AM30 | BM1<br>BM2<br>BM6<br>BM7<br>BM9<br>BM10 | CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Teoría | - Conceptos e introdución á ciberseguridade.<br>- Modelos de detección de ameazas e prevención de ataques.<br>- Detección de contidos e aplicacións fraudulentos.<br>- Minería de datos en sistemas de xestión de eventos.<br>- Control de identidade, biometrías e patróns de comportamento.<br>- Detección de anomalías e agrupamento para a detección de ataques en comunicacións.<br>- Xestión de riscos en IA, riscos críticos e perfís de normalidade, usos maliciosos e plans de continxencia e recuperación. |
| Práctica | - Uso de ferramentas propias de contornas de ciberseguridade<br>- Aplicación de técnicas de IA para a resolución de problemáticas propias de ciberseguridade |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | A5 A9 A20 A21 A22 A23 B1 B2 B6 B10 C5 C8 | 10 | 10 | 20 |
| Prácticas de laboratorio | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B9 C9 | 5 | 15 | 20 |
| Traballos tutelados | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B9 C9 | 5 | 28 | 33 |
| Proba obxectiva | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B6 B7 B9 B10 | 1 | 0 | 1 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Ademais do tempo de exposición oral por parte do profesor, esta actividade formativa require do alumnado a dedicación dun tempo para preparar e revisar por conta propia os materiais obxecto da clase. |
| Prácticas de laboratorio | Clases dedicadas a que o alumnado desenvolva traballos prácticos que impliquen abordar a resolución de problemas complexos, e a análise e deseño de solucións que constitúan un medio para a súa resolución. Esta actividade pode requirir do alumnado a presentación oral dos traballos realizados. Os traballos realizados polo alumnado poden realizarse, segundo o caso, de forma individual ou en grupos de traballo. |
| Traballos tutelados | Trátase de sesións nas que o obxectivo é que o alumnado adquira determinadas competencias en base á resolución de exercicios, estudo de casos e realización de proxectos que requiran da aplicación dos coñecementos e competencias desenvolvidas durante a materia. Estas sesións poden requirir do alumnado a presentación oral da súa solución aos problemas formulados. Os traballos realizados polo alumnado poden realizarse, segundo o caso, de forma individual ou en grupos de traballo. |
| Proba obxectiva | Exame no que se poderán avaliar tanto os aspectos teóricos como prácticos vistos ao longo do curso. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral<br>Prácticas de laboratorio<br>Traballos tutelados | Levarase a cabo un seguimento das prácticas a desenvolver durante as horas reservadas no horario (sesións de laboratorio). Adicionalmente, para abordar aqueles problemas de especial dificultade, tamén se poderán empregar as franxas horarias dispoñibles para a atención do alumnado. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Prácticas de laboratorio | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B9 C9 | Avaliación das prácticas de laboratorio propostas mediante a entrega de memoria e/ou do código desenvolvido.<br><br>A entrega destas prácticas é obrigatoria. Terán unha data de entrega e, opcionalmente, de defensa. | 40 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba obxectiva | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B6 B7 B9 B10 | Proba escrita onde se avaliarán os contidos e competencias revisados nas sesións maxistrais e os aspectos teóricos da súa posta en práctica levada a cabo na sesión prácticas.<br><br>O tipo de proba consistirá nun conxunto de preguntas tipo test ou cuestións de resposta curta sobre conceptos concretos.<br><br>Realizarase na data oficial prevista no calendario da titulación. | 25 |
| Traballos tutelados | A9 A20 A21 A22 A23 A31 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B9 C9 | Avaliación da memoria do traballo (ou traballos) de investigación tutelado, de carácter teórico-práctico, asignado a cada alumno.<br><br>Avaliarase a capacidade de síntese e a completitude e adecuada presentación das ideas e conceptos relativos ao tema escollido.<br><br>A entrega destes traballos é obrigatoria. Terán unha data de entrega e, opcionalmente, de defensa. | 35 |

| Observacións avaliación |
|---|
| Para superar (e liberar) tanto os traballos prácticos coma os traballos tutelados requírese acadar un 40% da puntuación máxima prevista para estes elementos de avaliación. Non hai mínimo esixido para a proba obxectiva.<br>Para superar a materia é preciso acadar os mínimos anteriores (nos traballos prácticos e tutelados) e sumar na nota final ponderada un mínimo de 5 puntos sobre 10.<br>No caso de non obter o mínimo esixido para superar algunha das partes (traballos prácticos e /ou tutelados), o alumnado terá unha segunda oportunidade na que so entregará os elementos non superados.<br>No caso de superar parte dos elementos avaliados, pero non acadar o mínimo preciso para aprobar a materia completa, a cualificación a incluír nas respectivas actas calcularase como o mínimo entre a media ponderada das partes superadas e 4.9.<br>Terá a condición de "Presentado" quen entregue todas as prácticas e traballos obrigatorios ou se presente á proba obxectiva no período oficial de avaliación.<br>As entregas das prácticas e traballos deben realizarse dentro do prazo establecido, e seguirán as especificacións indicadas no enunciado tanto para a presentación como para a defensa.<br>Os profesores facilitarán, na medida do posible e dentro dos horarios establecidos para a materia, a asistencia aos grupos de teoría e prácticas que mellor se axusten ás necesidades dos alumnos que teñen a matrícula a tempo parcial, para os que tamén aplica a forma de avaliación aquí establecida. Os alumnos con dispensa académica de exención de asistencia deberán asistir a todas as probas de avaliación.<br>Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia, fraude académica e igualdade rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.<br>A docencia impartirase en inglés. A docencia expositiva será impartida pola UVigo e retransmitida para todo o alumnado. Haberá un grupo de docencia interactiva específico e presencial en cada universidade (USC-UDC-UVigo). |

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - William Stallings (2018). Effective Cybersecurity: A Guide to Using Best Practices and Standards. Addison-Wesley Professional<br>- Clarence Chio, David Freeman (2018). Machine Learning and Security: Protecting Systems with Data and Algorithms. O'Reilly<br>- Chiheb Chebbi (2018). Mastering Machine Learning for Penetration Testing: Develop an extensive skill set to break self-learning systems using Python. Packt Publisinhg<br><br /> |
| **Bibliografía complementaria** | - Alessandro Parisi (2019). Hands-On Artificial Intelligence for Cybersecurity: Implement smart AI systems for preventing cyber attacks and detecting threats and network anomalies. Packt Publishing<br><br /> |

| Recomendacións |
| --- |
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Aprendizaxe Automática I/614544012<br>Aprendizaxe Profunda/614544013<br>Aprendizaxe Automática II/614544014<br>Coñecemento e Razoamento con Incerteza/614544007 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Recomendase ao alumnado, para un aproveitamento óptimo da materia, un seguimento activo das clases así como participar nas distintas actividades e o uso da atención personalizada para a resolución das dúbidas ou cuestións que lle podan xurdir. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**